

Dirección da xornada:

Verónica Martínez Barbero
Presidenta do Consello Galego de Relacións Laborais

María Asunción López Arranz
Profesora de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Facultade de Ciencias do Traballo da Coruña

Número de prazas:

Prazas limitadas ata completar aforo

Persoas destinatarias:

- Alumnas e alumnos da Facultade de Ciencias do Traballo e, en xeral, da Universidade da Coruña
- Organizacións empresariais e sindicais
- Avogados/as e Graduados/as Sociais
- Profesionais vencellados coa materia e persoas interesadas nesta

Inscricións:

As inscricións, que serán gratuitas, tramitaranse por orde de solicitude, ata completar o aforo, do 12 ao 27 de novembro de 2018, nos seguintes lugares:

Facultade de Ciencias do Traballo da UDC.
Campus de Esteiro. Ferrol
Consello Galego de Relacións Laborais
Rúa Algalia de Abaixo, 24. Santiago

Diploma:

Entregarase un diploma acreditativo ás persoas participantes que asistan á totalidade da xornada

XORNADA**“A NOVA LEI DE CONTRATOS: AS FIGURAS DE CONTRATACIÓN LABORAL E A SUBROGACIÓN NO SECTOR PÚBLICO”****Información e inscricións:****Consello Galego de Relacións Laborais**

Tfno. 981 957 489

Fax: 981 541 610

e-mail: formacion.cgrel@xunta.gal

**Facultade de Ciencias do Traballo
Universidade da Coruña**

Tfno. 981 337 400. Ext. 3577

Fax: 981 337 422

e-mail: decanato.fct@udc.es

**XORNADAS 2018****A NOVA LEI DE CONTRATOS:
AS FIGURAS DE
CONTRATACIÓN LABORAL E
A SUBROGACIÓN NO
SECTOR PÚBLICO****Ferrol - 28 de novembro de 2018**

Facultade de Ciencias do Traballo da UDC

Campus Universitario de Esteiro, r/ San Ramón s/n



CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

A NOVA LEI DE CONTRATOS: AS FIGURAS DE CONTRATACION E A SUBROGACIÓN NO SECTOR PÚBLICO

Organiza:

Consello Galego de Relacións Laborais
Facultade de Ciencias do Traballo da
Universidade da Coruña

Data:

28 de novembro de 2018

Lugar:

Salón de actos do Campus Universitario
de Esteiro da UDC. r/ San Ramón s/n
15403 Ferrol

Mércores 28 de novembro de 2018

9:15 Entrega documentación

9:30 Inauguración

9:45 Mesa Redonda:

Problemática das modalidades contractuais para a asunción de persoal subrogado polas Administracións Públicas: indefinidos non fixos, “persoal a extinguir”, persoal laboral do Estatuto dos Traballadores...

Dalila Dopazo Blanco

Maxistrada-Xuíz do Xulgado do Social nº 3 de Lugo

Marcos Amboage López

Maxistrado-Xuíz do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

10:45 Coloquio

11:00 Mesa redonda:

Cuestións laborais na aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público

Representantes do SN de CCOO de Galicia, CIG, UGT-Galicia e CEG

12:00 Coloquio

12:15 Pausa-café

12:45 Conferencia:

A subcontratación na Lei de Contratos do Sector Público. Aspectos laborais

José María Miranda Boto

Profesor Contratado Doutor de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade de Santiago de Compostela

13:45 Coloquio

14:00 Remate da xornada

A xornada terá unha duración de 5 horas presenciais e 5 horas “on line”. Todas aquelas persoas que desexen obter o diploma de 10 horas terán que presentar un traballo de análise e valoración dos temas tratados na xornada nos seguintes 7 días, ao fin dos cales daráselles un diploma acreditativo (Os traballos presentaranse no seguinte enderezo: a.larranz@udc.es)

RESUMO DA XORNADA

Dentro das novidades establecidas pola Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, son de especial interese ás relativas as condicións de subrogación en contratos de traballo.

Abordaranse na xornada os aspectos máis relevantes desta lei desde unha perspectiva laboral, co obxectivo de presentar un marco xurídico xeral que oriente a acción dos operadores xurídicos.

Analizarase nesta xornada a problemática das modalidades contractuais para a asunción de persoal subrogado polas Administracións Públicas: indefinidos non fixos, “persoal a extinguir”, persoal laboral do Estatuto dos Traballadores...

En efecto, trátase de operacións non exentas de dificultades e problemas prácticos de diversa índole. Algúns fórmulanse no plano estritamente laboral, pois para que quede garantida a estabilidade no emprego das persoas traballadoras ocupadas nas contratas do sector público será necesario que resulte de aplicación algún dos mecanismos que tipicamente impoñen a subrogación dos contratos de traballo. E en fin, tamén se formulan problemas derivados da interdependencia de ambos os dous sectores do ordenamento xurídico, como a xa sabida falta de compatibilidade entre o principio de estabilidade no emprego e os principios constitucionais que garanten o acceso ao emprego público en condicións de igualdade, mérito e capacidade, e outras normas e principios de orde pública.

Coa presente xornada preténdese a creación dun foro de carácter multidisciplinar para o debate sobre un fenómeno que está aínda en construción dende unha perspectiva xurídica, á luz das recentes novidades lexislativas e xurisprudenciais.

Trátase de dar resposta, por parte de profesionais especialistas na materia, ás dúbidas que presenta a aplicación da nova lei de contratos do sector público, así como coñecer a opinión da xurisdición social e da xurisdición contencioso-administrativa e a problemática que agora atopan na práctica os interlocutores sociais, que será exposta por representantes das organizacións sindicais e empresarial máis representativas de Galicia.

Correspóndelle ao Consello Galego de Relacións Laborais, de acordo coa normativa reguladora, a función de promover e fomentar o debate social en cuestións de actualidade.

Esta xornada que é froito dunha feliz e continuada colaboración entre o Consello Galego de Relacións Laborais e a Facultade de Ciencias do Traballo da UDC, esperamos sexa de utilidade e que contribúa á formación, difusión e debate neste sempre cambiante mundo das relacións laborais.